

DigiTalent 2030: Camiña en Dixital

Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento
Dixital en Galicia 2025/2026

14ª EDICIÓN

Programa “Tecnólog@ por un día”

Manual do alumnado



Benvido ao Programa “Tecnólog@ por un día” do Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia

Obxectivo

Mellorar a visión que proxectan as profesións científico-tecnolóxicas e a percepción que os máis novos/as teñen delas, achegando aos/ás estudantes a realidade profesional da que formarán parte no futuro.



2 grupos de
idade

Presentar as vantaxes do ámbito tecnolóxico a través dunha experiencia real e práctica, potenciando e promovendo a adquisición de competencias dixitais e as habilidades que se requiren no mercado laboral actual.

12 a 14 anos
15 a 17 anos



1 Xornada

En que consiste?

Estudantes de 12 a 17 anos experimentarán en primeira persoa unha xornada laboral con profesionais voluntarios/as do sector participando nas distintas actividades que teña na axenda (participando en reunións, visitas a clientes tecnolóxicos, comida de traballo, etc.)



A continuación, podes encontrar as **directrices** que como alumno/a participante do programa che axudarán a **preparar os aspectos clave da xornada**, así como **consellos prácticos** para que poidas aproveitar ao máximo a túa experiencia.

De que se trata exactamente “Tecnólog@ por un día”?

Queres comprender mellor as dinámicas laborais que dominan ás profesións tecnolóxicas? Gustaríache resolver as túas dúbidas vocacionais cara á elección dos teus estudos?

“Tecnólog@ por un día” pode axudarche. Este programa permitirache descubrir as profesións dixitais a través da inmersión na realidade destes traballos da man de profesionais voluntarios/as.

En concreto, experimentarás unha xornada laboral no marco das profesións dixitais en grandes empresas de Galicia, participarás en reunións, visitas a clientes ou comidas de traballo. Unha actividade que che resultará de utilidade para a toma de decisións sobre a túa futura profesión que poida responder mellor aos teus gustos e preferencias vocacionais.

Que podo aprender co programa?


- Descubrir as ferramentas e coñecementos que demandan as novas profesións dixitais.
- Acadar unha mellor comprensión e entendemento sobre as distintas profesións dixitais e os tipos de traballo a desenvolver en cada unha delas.
- Comprobar en primeira persoa como se aplica a tecnoloxía no mundo laboral e como afecta ás habilidades que requiren as profesións neste eido.
- Reflexionar acerca dos coñecementos que necesitas no marco das profesións dixitais e os estudos que che permitirán adquirilos.



Como te inscribes?

Se decidiches que “Tecnólog@ por un día” é a túa oportunidade de mergullarte nas profesións dixitais e queres participar nesta experiencia, tes que comunicarllo ao persoal docente do teu centro educativo, xa que eles/as son os/as responsables de realizar a solicitude de inscrición.

En concreto, o programa desenvolverase segundo o seguinte esquema:



**Debes contar coa autorización do teu pai/nai/titor legal e entregar o documento asinado no centro. O teléfono de contacto que se indique na autorización será o utilizado polas empresas para comunicarse cos/as participantes e concretar a data da xornada.*

Prepárate antes da Xornada!

Para que aproveites ao máximo a experiencia, achegámosche algunhas recomendacións que contribuirán a que a actividade sexa o máis produtiva posible:

#1 Non se require ningún material específico para a actividade, pero se o consideras oportuno podes levar contigo o necesario para tomar notas, apuntes...

#2 Prepara as preguntas que che gustaría facerlle ao/á profesional que te acompañará durante a xornada.

#3 Investiga e infórmate sobre a empresa á que vas acudir, a que se dedica, a que sector pertence, cantos empregados ten, cal é a súa traxectoria, etc.


#4 Leva unha actitude positiva para escoitar activamente e prestar atención en todas as actividades das que formarás parte. Que sexa unha gran experiencia depende moito de ti.

Algúns exemplos de preguntas

Para aproveitar a túa experiencia na empresa, suxerímosche algunhas preguntas que podes realizar ao/á profesional que estará contigo durante a xornada laboral:

- Que educación é necesaria para realizar este traballo?
- Que estudos cursaches (optativas, carreira..)?
- Que habilidades e competencias se requiren para o desenvolvemento do teu traballo?
- Como descubriches que te querías dedicar a esta profesión?
- Cal é o teu cargo na empresa? Cales son as túas responsabilidades?
- Cales son as túas tarefas diarias ou como é un día típico de traballo?
- Que é o que máis che gusta da túa profesión? E o que menos?
- Que outras habilidades complementarias necesitas para realizar a túa profesión?
- Coa túa formación, que outras profesións dixitais poderías desempeñar?

Fin da xornada

Ao finalizar a xornada, cubre o cuestionario de satisfacción online do programa ao que podes acceder a través do [espazo web DigiTalent](#), premendo no botón 

A súa finalidade é coñecer a túa opinión sobre a actividade, a túa experiencia, as túas conclusións e as leccións aprendidas.

Podes cumprimentar o cuestionario en tres sinxelos pasos:

1. O cuestionario de satisfacción da actividade é **anónimo**. Unicamente tes que indicar o teu xénero, o teu curso escolar actual e a empresa que visitaches.

2. **Valora** o programa e recolle as túas **conclusiones** respondendo ás preguntas conforme ás indicacións en cada caso. Podes incluír a túa valoración ao final do formulario.

3. **Revisa as túas respostas** e preme "Enviar" para finalizar e remitir a túa valoración.

Programa "Tecnólogo por un día" - Cuestionario de satisfacción

Gracias por participar na actividade "tecnólogo por un día". Esperamos que fose unha experiencia única para ti e que che sirva para resolver as túas dúbidas vocacionais. Gustaríanos coñecer a túa opinión sobre a actividade, as túas conclusións e as leccións aprendidas. Por favor, responde ás seguintes preguntas. Lembra que o cuestionario é anónimo.

Xénero *

- Selecciona -

Indica o teu curso escolar *

- Escolla un curso -

Indica a empresa á que acudiches *

Avallación da experiencia en global

1- Nivel de satisfacción coa actividade *

☐ 1

☐ 2

☐ 3

☐ 4

☐ 5

Indica a opción máis adecuada, tendo en conta que 1 é o "grao máis baixo de satisfacción/totalmente en desacordo" e 5 o "grao máis alto de satisfacción/totalmente de acordo".

2- Recomendarías a experiencia a outros rapaces? *

☐ Si

☐ Non

☐ Non sabe / non contesta

3- Volverías a participar nesta actividade? *

☐ Si

☐ Non

☐ Non sabe / non contesta

4 - Participar na actividade axudoume a aclarar dúbidas vocacionais *

☐ Si

☐ Non

☐ Non sabe / non contesta

Antes de participar na actividade...

1 - Considerabas traballar nunha profesión dixital? *

☐ 1

☐ 2

☐ 3

☐ 4

☐ 5

Indica a opción máis adecuada, tendo en conta que 1 é o "grao máis baixo de satisfacción/totalmente en desacordo" e 5 o "grao máis alto de satisfacción/totalmente de acordo".

2 - Coñecías a alguén que traballase nunha profesión dixital? *

☐ Si

☐ Non

☐ Non sabe / non contesta

Despois de participar na actividade...

1 - Gustaríache traballar nunha profesión dixital? *

☐ Si

☐ Non

☐ Non sabe / non contesta

2 - Cursarás estudos STEM (optativas, carreiras universitarias, FP...) para traballar nunha profesión dixital? *

☐ Si

☐ Non

☐ Non sabe / non contesta

3 - Cal é a túa percepción sobre as profesións dixitais? *

☐ Son carreiras para homes

☐ Son carreiras para mulleres

☐ Considero que teñen un alto impacto na sociedade

☐ Abrazan traballos variados e creativos

☐ Outras

Podes elixir máis dunha resposta.

4 - A continuación, indica a túa valoración da actividade



Coa valoración da túa experiencia, **axúdasnos a mellorar** constantemente o programa.

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **Quen pode participar?**

Calquera estudante, en bloques de idade de 12 a 14 e de 15 a 17 anos do curso escolar 2025/2026.

- **En que datas e horarios se desenvolve o programa?**

O programa desenvolverase entre o 21 de abril e o 02 de xuño de 2026. A data e o horario concretos da xornada serán establecidos entre o/a alumno/a participante e a empresa colaboradora (a empresa porase en contacto a través do número de teléfono facilitado no documento de autorización).

- **Quen inscribe ao alumnado?**

A solicitude de inscrición lévase a cabo polo persoal docente dos centros educativos a través do formulario dispoñible [no espazo de Tecnólog@ por un día da web DigiTalent](#), sempre que contén coa autorización dos pais/nais/titores legais do alumnado. O prazo de inscrición permanecerá aberto do 16 de marzo ao 14 de abril de 2026.

- **Onde consigo o documento de autorización do pai/nai/titor legal?**

Podes descargalo [no espazo web](#). Unha vez asinada esta autorización, deberás entregala no teu centro educativo.

- **Como se realiza a asignación de prazas do programa?**

As prazas dispoñibles asignaranse aplicando o resultado dun sorteo que se realizará unha vez rematado o prazo de inscrición tendo en conta as preferencias sinaladas no formulario.

- **Xa dispoño do día e hora para a actividade, que fago?**

Debes presentarte no lugar acordado coa empresa á hora indicada. Terás que desprazarte ata a localización indicada pola túa conta.

- **Canto dura a actividade?**

Normalmente os/as alumnos/as comparten unha xornada laboral (mañá e tarde). As horas concretas estipularanse entre o alumno/a e a empresa e dependerá da dispoñibilidade dos/das profesionais voluntarios/as.

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **Teño que asumir algún coste?**

Como participante do programa terás que asumir o gasto de desprazamento ata o lugar que acordes coa empresa.

- **Que teño que facer despois da actividade?**

Como participante do programa é necesario que cubras o cuestionario de satisfacción dispoñible no [espazo web](#). Neste manual podes consultar as instrucións para facelo. O cuestionario permanecerá dispoñible ata o 05 de xuño de 2026.

Para trasladar calquera aclaración ou consulta adicional podes utilizar o formulario de contacto dispoñible no espazo web

digitalent.xunta.gal/gl/contact

**Impulsando o
talento tecnolóxico
en Galicia**

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN



